

A man with dark hair and a beard is shown in profile, looking out over a beach and ocean. A large red funnel is placed over his ear, with a realistic human ear shape cut out of the funnel's rim. The background shows a sandy beach, blue water, and a blue sky with white clouds. The text 'escoitar' is written in large, bold, red lowercase letters, with a thin black outline of a speech bubble above the 'e'. Below it, 'SONOSFERA DE SANTIAGO' is written in bold, black, uppercase letters, and 'AUDIO-ACCIÓN para a radio' is written in a smaller, bold, black, uppercase font.

escoitar

SONOSFERA DE SANTIAGO

AUDIO-ACCIÓN para a radio

Audioacción SONOSFERA

SONOSFERASANTIAGO

O micrófono é o oído de todos
R. G. de la Serna

Escoita! ou a túa voz volverate sordo

Proverbio Chino



ESCOITAR
.org

Escoitar supón enfrontar o noso tímpano, e como acto de vontade só é posible a partir do instante no que nos desfacemos da infinidade de veos/filtros que nos illan da sono-esfera que habitamos. A expansión do noso oído cara límites cada vez máis difusos posibilitou que os sons marxinais adquiriesen o valor reivindicado desde posturas distantes, e incluso enfrontadas, que artellaron discursos e prácticas como o “Arte dos Ruídos” futurista, a panauralidade de John Cage, os traballos Acusmáticos, o Deep Listening, as estéticas minimalistas dixitais asociadas ao glitch, o ruidismo máis exacerbado ou as formulacións derivadas do field-recording, xa sexa nunha dimensión puramente acústica ou na busca dunha ética ecoacústica.

A interferencia, como o ruído, perturba o espazo radiofónico, enfróntase de forma vírica á formalización do son que se emite, pero simultaneamente pode xerar novos contextos de escoita, novos contidos non premeditados que como ready-mades adquiriesen un valor estético. O silencio -como ausencia de emisión-, o ruído branco, o choque de frecuencias... poden, deste modo, analizarse como parte dunha paisaxe sonora que é posible percorrer, tensando a idea de flanerie acústica

que para Adorno faciáse posible manipulando o dial, para revelar novas xeografías e crear novos espazos.

Introducir, en tempo real, os sons da contorna nun contexto radiofónico non como fondo ou periferia, senón como centro, supón convertelos en contido e multiplicar un espazo acústico pola infinidade de nodos nos que se escoita, facer da deslocalización e do seu efecto esquizofónico un medio para reactivar o noso oído.

Como parte da estratexia do Colectivo Escoitar.org (Galicia) centrada en promocionar e difundir a 'escoita activa e crítica' como vía de coñecemento da sociedade e ao mesmo tempo representar a arte contemporánea máis alá dun espazo delimitado pola arquitectura expositiva dos Centros de Arte, propónse unha audio-acción para a radio na que o micrófono convértese na extensión do oído, en prótese, ao tempo que un evento, un acontecemento sonoro, ocupa o centro da emisión. **O son recollido por un micrófono xigante (inchable de gran tamaño con forma de micrófono e portado con arneses por varias persoas), é transmitido en tempo real por un emisor de radio instalado no interior do inchable e emitido por unha emisora FM para todas as oíntes.**

Con SONOSFERA celébrase a condición e esencia efémera do audio, asúmese así a acción artística eventual como experiencia no marco dun acto poético superpoñendo o espazo e a distancia ao tempo e asumindo a indeterminación, igual que o fixera John Cage, como o resultado posible dun proceso aberto.

A Audio-Acción

CELEBRANDO A ESENCIA EFÉMERA DO SON

O evento consiste nun **paseo sonoro por as rúas de Santiago de Compostela** (percorrendo os lugares onde se poden escoitar os sons propios da cidade, aqueles de confiren o carácter e a identidade acústica do lugar, recollendo os chamados sons de pertenza, son que os habitantes recoñecen como propios e que non se escoitan en outros lugares). **Todo elo levando un micrófono xigante** (inchable de 7 metros de lonxitude arrastrado e suxeitado con arneses por varias persoas) **capaz de capturar o son ambiente da cidade en tempo real e posibilitando a súa emisión por algunha emisora de Radio FM**. Toda a rexión poderá escoitar estes sons. Trátase de transportar o ambiente sonoro dun lugar concreto a todos os lugares onde é escoitada a radio.



Audio-acción SONOSFERA en Mediafest (Las Palmas de Gran Canaria), coa Cadea SER



Audio-acción SONOSFERA en Sensxperiment (Lucena, Córdoba), con Radio Lucena



Audio-acción +LECTURA DE MANIFIESTO contra armas acústicas en Matadero (Madrid)



SONOSFERA DE MADRID no Círculo de Belas Artes (solta de 1000 globos con micrófonos, RNE, Radio 3)



MACRÓFONO no Festival Coiro de Pita de Porriño

A Tecnoloxía empregada

FUNCIONAMENTO DA AUDIO-ACCIÓN

O MACRÓFONO contén unha micrófono estereo integrado que permite gravar en tempo real o son captado no paseo sonoro. Contén tamén saídas de audio estándar para a conexión coa unidade móbil da radio (os detalles técnicos iranse pechando no momento en que se estableza contacto coa emisora de radio).

LIÑA DE TEMPO (ESCALETA DE TRABALLO)

*O mesmo día da audio-acción pola mañá, un día antes ou unhas horas antes estaríamos os membros de Escoitar.org no estudo de radio para facer unha entrevista profunda e adiantar acontecementos. Estas entrevistas funcionan moi ben.

*En relación á conexión en directo (xa na rúa), o ideal é facer unha única conexión de 1 minuto nun lugar previamente pactado, despois de 2 ou 3 conexións previas nas que falaremos sobre a "escoita" e a súa importancia e sobre algúns aspectos do son que foron historicamente esquecidos. Estas entrevistas funcionan moi ben e é na rúa onde deben facerse, connosco preparando o evento. A escaleta adoita funcionar así:

11.00h. Chiu Longina (antropólogo e musicólogo) e Juan-Gil López Rodríguez son entrevistados pola unidade móbil e anúnciase o evento que ocorrerá ás "X" h. Entrevista longa (15 minutos).

12.00h. Anúnciase na Radio o evento que ocorrerá ás "X" h, pódense utilizar extractos da entrevista anterior para informar.

13.00h. Primeira conexión na rúa connosco, facendo os preparativos finais da acción (inchando o globo, montando micrófonos). Entrevístase a algún cidadán para opinar sobre o que está vendo.

13.30h. Arrinca a audio-acción, o xornalista conecta e anuncia o comezo (cos rúidos e sons típicos de actividade na rúa). Nun momento anuncia que conectamos co micrófono xigante e durante 30 segundos ou 1 minuto escoitamos este son (que, insisto, será practicamente o mesmo que o troupeleo anterior, pero conseguiremos que a audiencia dirixa seu escoita atenta ao son do pobo, sen máis. Aquí está a esencia da acción, escoitar con atención aquilo que se escoita habitualmente, poñer en primeiro plano o son que habitualmente está en segundo).

É POSIBLE PEGAR Ó MACROFONO UN LOGO DA RADIO EN FORMATO VINILO ADHESIVO DE TAMAÑO 50X50 cm (aproxx.)

Sobre escoitar.org

En catro anos de vida escoitar.org ofreceu talleres en Córdoba (Festival Eutopía06), Zaragoza (Centro Gohan), Pontevedra (Casa dás Campás), Sevilla (Festival Zemos98), Cuenca (Facultade de Belas Artes), Madrid (A Casa Acendida, Matadoiro Centro de Arte, Espazo Menos1 e Medialab-Prado), Xixón (LABORAL Centro de Arte e Ateneo Obreiro da Calzada), Santiago de Compostela (CGAC), Lucena, Córdoba (Festival Sensxperiment), Karlsruhe, Alemaña (ZKM, Zentrum für Kunst und Medientechnologie), Las Palmas de Gran Canaria (Festival Mediafest), Vitoria (Artium, Centro de Arte Contemporánea), Barcelona (Riereta), San Sebastián (Arteleku, Centro de produccion de Arte Contemporánea), A Coruña (Palexco, Outonarte e Escola Superior de Arquitectura) ou Vigo (MARCO). Participou en varios eventos de tintura internacional como o Encontro Iberoamericano de Paisaxe Sonoro (Madrid, 2007 e 2008), as Xornadas Vibra de arte sonoro e experimental do Centro de Cultura Contemporánea (Valencia), o World Forum for Acoustic Ecology (México) o Festival de Arte Sonoro Artesons (Lugo), o Festival Sónar (Barcelona), o AVLAB do Medialab-Prado (Madrid), o Proxecto Arte e Pensamento da UNIA (Sevilla), o Congreso de Arte e Tecnoloxía Artech06 (Pontevedra) o Festival Eutopía07 (Córdoba), as xornadas de conferencias Paseantes, viaxeiros e paisaxes do CGAC (S. de Compostela), as xornadas de conferencias Artes de mediación. Roles dá crítica de arte na era dixital do CGAC (S. de Compostela), Xornadas GIS Libre (Girona), Reconstrución da Fonoteca Nacional de México (México DF) ou as Xornadas de Paisaxes Sonoros no Museo de arte Precolombino e Indíxena (Montevideo, Uruguay). Participou en varias exposicións como Reinicia, na Casa dás Campás de Pontevedra, Google Art, or How to Hack Google, no New Museum of Contemporary Art de Nova York, Redes Aurales, no Festival Sónar de Barcelona (como comisarios), Interference Festival (Breda, Holanda), Recursos Propios (Bòlit, Centro de Arte Contemporánea de Girona), Pasado e presente: do propio e do alleo (Laboral Centro de Arte de Xixón) ou Banquete, Nodos e Redes, na LABORAL de

Xixón e ZKM de Alemaña. Realizou accións sonoras nalgúns lugares como o CGAC de Santiago de Compostela, o Círculo de Belas Artes de Madrid, o Festival Sensxperiment de Lucena (Córdoba), o Festival Mediafest (Las Palmas de Gran Canaria), a TV de Galicia ou o Festival Zemos98 de Sevilla. Organizou eventos internacionais relacionados coa escucha como o Ciclo de Conferencias Cartografías da Escucha. Son e Lugar ou o Ciclo de Cine sobre a historia social do son Audiovisións, ambos no CGAC. Publicou dous libros: Escoitar.org. Audio-HackLAB e Cartografías da Escucha. Son e lugar, ambos dentro do Proxecto-Edición (CGAC, MARCO e Fundación Luis Seoane), coa colaboración de artistas e teóricos como: Bill Fontana (USA), Carmen Pardo (España), Jean-Paul Thibaud (Francia), John Levack Drever (Gran Bretaña), Brandon LaBelle (Gran Bretaña), Hildegard Westerkamp (Canadá), Llorenç Barber (España), Jose Luis Carles (España), Alog (Noruega), Árbore (España), Durán Vázquez (Galicia-España), Jace Clayton (USA), Jin Hi Kim (Corea), Kassin 2 (Brasil), Larsen (Italy), Pierre Bastien (Francia), Rechenzentrum (Alemaña), Tunng (UK), Pedro López (España), J. Carlos Blancas (España), Francisco López (España), Miguel Alvarez (España), Pedro Jiménez (España), Rubén García (España), Enrique Tomás (España), José Manuel Berenguer (España) e Roc Jiménez (España).

Actualmente traballa en varios proxectos, algúns no ámbito galego, como Fonotopías de Galicia: rexistro de sons en perigo de extinción, apoiado pola Consellería de Cultura e Deporte, Sonic Weapons, proxecto para a análise do son como ferramenta de control social (en Alemaña e Holanda), Festival ZEMOS98 (Sevilla) e Intermediae (Matadoiro, Madrid) e puxo en marcha proxectos similares a Escoitar.org en Madrid (Madridsoundscape.org), Cáceres e México (en colaboración coa Fonoteca Nacional). Foi o representante de España no Aniversario da Arte organizado pola UR, Asociación de Radios Nacionais de Europa.

Dirixe a Audio-Acción

CHIU LONGINA

Antropólogo. Artista sonoro y creador de espacios acústicos. Miembro del equipo de producción de las propuestas sonoras del Festival de Arte Sonoro IFI de Pontevedra (Fac.Bellas Artes/Pazo da Cultura), miembro del colectivo SINSALaudio de Vigo, de la Asociación Alg-a y del Centro de Creación Experimental de Cuenca, en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Castilla La-Mancha. Co-editor de los proyectos en red Mediateletipos.net y Artesonoro.org. Doctorando en arte y miembro del Grupo de Investigación DX7 Tracker, en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Profesor universitario y comisario independiente.



ESCOITAR
.org